XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRECE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do trece de outubro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI ,O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- <u>APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR</u>

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **<u>.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REFORMULACIÓN DA SOLICITUDE DO COFINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O ANO 2016.</u>**.- Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 15-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1KI), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
ASUNTO: Reformulación da solicitude de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2016 a Xunta de Galicia.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, con respecto ao expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta :

ANTECEDENTES:

O 31/03/2016 solicitaselle á Xunta de Galicia o cofinanciamento dos Servizo Sociais Comunitarios, segundo o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O 26/07/2016 publícase o Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios, e na súa Disposición transitoria única contempla que as corporacións locais que xa teñan presentado o seu proxecto anual de servizos sociais comunitarios poidan revisar a súa solicitude para beneficiarse desta modificación, xa que implica un aumento nas cuantías establecidas.

O 07/09/2016 comunicasenos telefónicamente desde a Consellería de Política Social que no presente exercizo se conta con financiamento para a figura dunha educadora social, polo que, é preciso a reformulación da solicitude de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios, axustando a achega da Xunta de Galicia ao módulo da Orde do 13 de xullo de 2016.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
-Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
-Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
-Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

-Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios.

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Acción Social, para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción das seguintes propostas:

1º.- Reformular a solicitude do cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2016 á Xunta de Galicia, por un importe de 1.858.887,04 € e co seguinte detalle, onde só se ve afectada a achega municipal e a subvención solicitada en canto ao apartado de persoal (en relación ao informe-proposta da Xefa do Servizo de 31/03/2016 (SSO10I0JO) así como os totais:

Concepto	*Importe total*	*Achega municipal*	*Subvención solicitada*
Persoal	*970.184,57*	*633.048,57*	*337.136,00*
Mantemento	*5.000,00*	*2.500,00*	*2.500,00*
Axuda no fogar libre concorrencia	*61.666,50*	*51.465,14*	*10.201,36*
Axuda no fogar Dependencia	*963.333,50*	*171.347,90*	*791.985,60*
Programas	*1.474.622,13*	*757.558,05*	*717.064,08*
TOTAL	*3.474.806,70*	*1.615.919,66*	*1.858.887,04*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

2º.- Indicar que o informe de gastos previstos para o ano 2016 emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 31/03/2016 (SSO10I0JP) permanece igual.

3º.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

4º.-O Concello de Narón comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 1.615.919,66 €, que supón unha porcentaxe do 46,50 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas."

Logo de ver o informe fiscalizado tomando razón (doc aupac ICO10079) de data 05-10-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN PARA INFORMACIÓN XUVENIL DO ANO 2016.**.- Vista a proposta formulada que di asi: O Xefe Substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 13-10-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1T1), que textualmente dí:

"INFORME -PROPOSTA DO XEFE SUBSTITUTO DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL.

Asunto: Aprobación da conta xustificativa da subvención para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016.

O xefe Substituto do Servicio do Servicio Sociocomunitario Municipal que subscribe Gustavo Perea Vega , en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe proposta a Xunta de Goberno Local:

ANTECEDENTES:
ç

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26/05/2016 aprobou solicitar a subvención á Consellería de Política Social ao abeiro da orde do 21 de abril de 2016, publicada no DOG nº 84, para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016.

Con data do 16/09/2016 tivo entrada no rexistro desde concello a concesión da subvención indicada por un importe de 2.873,17€. No documento enviado, figura como requisito xustificar a totalidade do proxecto subvencionado antes do 20/10/2016.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

-Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.

-lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

-RD 887/226 que desenvolve a LXS.

-orde do 21 de abril de 2016, publicada no DOG nº 84, para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016.

A VISTA DO ANTERIOR, O XEFE SUBSTITUTO DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, INFORMA A CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE MOCIDADE, PARA QUE PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A APROBACIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1º Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención referenciada.

2º Aprobar a conta xustificativa dos gastos que se relacionan nos cadros que aparecen na acta, e que ascenden a un total de 22.669,43€ .

Logo de ver o informe fiscalizado tomada razón (doc aupac ICO10I07H) de data 13-10-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Mocidade, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRONS DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE SETEMBRO DE 2016.**.- Vista a proposta formulada que di asi: Logo de ver os padrons fiscais das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar-dependencia e axuda no fogar-libre concorrencia correspondentes ao mes de setembro de 2016, confeccionados polo Departamento de Intervención e Facenda.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Logo de ver os informes-proposta da técnica de xestión do Servizo Sociocomunitario de 06-10-2016, coa conformidade do xefe do Servizo de Intervención e Facenda.

PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar-dependencia correspondente ao mes de setembro de 2016, que comeza por _____ e remata por _____, cun total de 102 usuarios, e por un importe de 11.931,29 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar-libre concorrencia, correspondente ao mes de setembro de 2016, que comeza por _____ e remata por _____ cun total de 13 usuarios, e por un importe de 749,89 euros.

TERCEIRO.- Os padrón quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DÍAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP da Provincia da Coruña. O anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e o artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro en período voluntario será de DOUS MESES, e comprenderá dende o día 19 de outubro ata o 19 de decembro de 2016, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

CUARTO.- Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpor as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes perante a Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contada dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpor, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Con todo, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:15 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es